

A MULLER NA PRENSA

Realizamos esta actividade para celebrar a Semana da Prensa do 8 ao 12 de marzo e para complementar a celebración do Día Internacional da Muller do 8 de Marzo, que xa abordáramos coa realización da actividade “CEIPs con nome de muller”.

Os alumnos/as de 4º-5º-6º de Educación Primaria buscaron nos xornais e seleccionaron noticias que tiveran como protagonistas a mulleres. Sinalar que non sempre foi unha tarefa doada debido a que o número de noticias protagonizadas por mulleres é incompreensiblemente menor que o número de noticias protagonizadas por homes.

Repartimos o traballo por seccións quedando así a distribución por cursos:

4ºA- Galicia **4ºB-** España **4ºC-** Internacional

5ºA- Política **5ºB-** Deportes

6ºA- Economía **6ºB-** Tecnoloxía **6ºC-** Cultura

Finalmente, elaboramos un mural coas noticias seleccionadas organizándoas por seccións, que situamos no corredor de entrada ao colexio para compartir con todo o alumnado do centro a realización desta actividade.

Grazas a todos os alumnos/as e mestres/as pola vosa participación!

